

ACTIVIDADE MOTIVADORA



ACTIVIDADE MOTIVADORA

Inicio

Programamos unha visita dos avós dos rapaces para realizar unha sesión sobre os xogos tradicionais galegos. Cando está comezando a presentación dos avós, irrumpe na sala unha persoa que leva un mapa de orientación, unha brúxula, roupa para a práctica da orientación...e un moneco que se parece a Galocha, a protagonista que guiará ao alumnado por toda a secuencia. Entrega esta persoa aos avós un sobre...e despídese, sen dar máis explicacións. Os avós, cómplices da actividade, leen ao alumnado a carta e deciden quen será o alumno ou alumna que debe enviar a resposta á carta.

Recomendación: sería interesante que a persoa que irrumpe na sala sexa unha persoa que practica orientación e vive cerca dos rapaces, pero importante, que non a coñezan para que a curiosidade sexa maior.



ACTIVIDADE MOTIVADORA

Organización

Os avós elixiron ao azar a un alumno/a da aula. Despois desta visita, debemos orientar ao rapaces para que o neno/a elixido sexa o líder pero terá outras funcións, organizar o grupo para redactar a carta entre todos, non el só. Debemos explicarlles que o líder será o que vai tomando decisións no traballo pero sempre tras un diálogo e unha actividade colaborativa co resto da aula. Ben, teñen que enviar unha carta pero... que poñía a carta que deixou aquela persoa? quen sería? Temos que leer a carta pero é un traballo en grupo, como será mellor organizarnos? sentados en círculo? cada un na súa mesa? quen a le? Deben comezar a tomar as primeiras decisións organizados polo líder elixido.



ACTIVIDADE MOTIVADORA

Organización

Unha vez que decidiron como colocarse explicándolles previamente o que imos facer (visionar un vídeo) o líder elixe a un compañeiro/a para axudarlle a pór o video en marcha. O título do vídeo é **Habilidades del siglo XXI - Colaboración**, que se pode atopar na url http://www.youtube.com/watch?v=B3I_UYEANqg. Reflexionamos sobre o vídeo. Despois o líder elixe a outro voluntario/a e visionamos o vídeo **Habilidades del siglo XXI - Pensamiento Crítico**, que se pode atopar na url <http://www.youtube.com/watch?v=lvyoTSdv-j4>. Despois de sacar ideas destes vídeos e plasmalas nun mural na aula comeza a nosa actividade: temos que responder a unha carta.

Recomendación: os vídeos están dirixidos a docentes. Debemos traballar con eles para que os entenda e comprendan. Podemos organizar o seu contido en mapas conceptuais elaborándoos en Freemind en gran grupo na PDI, ordenador de aula...



Estimados/estimadas rapaces e rapazas:

Son unha persoa que practicar deporte, gústame dende nena, mais descubrín un que me fai gozar coma nunca. Para practicalo non preciso moitas cousas e adéstrome nun lugar fermoso debuxado por árbores, aire limpo, animais...non é complicado e si moi gratificante mais como todo, hai que traballar ao inicio para aprender a practicalo de xeito seguro e saudable. A min aprendeume unha rapaza cando aínda estaba na escola. Esta rapaza elixiu o noso colexio para que puidésemos adestrarnos neste deporte. Despois de contestarlle solicitando a formación e comprometéndonos a un traballo serio deunos as pistas e claves para aprender. Eu, agora quero que vós teñades esa oportunidade. Traballo con ela e quero presentárvola mais para que ela comece a ensinarvos debedes enviarlle unha carta de solicitude para iniciaros no programa.

Non sabedes o seu nome, e para enviarlle a carta, debedes de sabelo. Descubrídeo formando coas *letras impresas unha e canda folla, que acompañan esta carta*. Unha pista, é un nome que fai referencia a un obxecto moi galego.

Cando o teñades, escribide a carta e enviádea ao enderezo que vos dará o/a voso/a docente.

Agradecendo de antemán a vosa atención quedo a espera da vosa resposta.

(nome do deportista)

(club)



G

APRENDO CON GALOCHA E A SÚA AVOA



A



L



O



C



Н



A



ACTIVIDADE MOTIVADORA

Carta

Unha vez lida a carta teñen que organizarse para redactar a carta a Galocha. Deben descubrir que partes ten unha carta, que tipo de carta lles piden (carta de solicitude) nesta primeira actividade podemos axudar ao líder a que divida a aula en catro grupos. Tres con 2-3 membros e un con máis membros. Os temas para traballar son: data, encabezado; saúdo, introducción; corpo; despedida e rúbrica. O grupo máis numeroso encargárase de redactar o corpo da carta. Os grupos deben establecer relacións entre eles porque teñen que montar a carta unindo o seu traballo. Podemos fer unha folla en branco aberta na PDI para que vaian introducindo o seu traballo. Maquetarémola todos e todas.



ACTIVIDADE MOTIVADORA

Carta

Podemos indicarlles dúas urls que teñen información que lles pode ser útil.

<http://secretariaejecutiva.blogspot.com.es/2006/05/teora-de-la-redaccin.html>

<http://www.modelo-carta.com/tipos-de-carta.html>




ACTIVIDADE MOTIVADORA

Envío da carta

Deben entrar en gran grupo na seguinte url <http://www.correos.es/ss/Satellite/site/pagina-inicio/info> e decidir como enviarán a carta (certificada, burofax...) deben calcular o que van gastar. Debemos pór o noso nome? Onde? Deben buscar na rede un vídeo onde se explique como cubrir o remitente e destinatario dunha carta. (<http://educacion.practicopedia.lainformacion.com/formacion/como-poner-el-remitente-y-el-destinatario-en-una-carta-3293>)





Autora: Lucía Lorenzo López



Traballo realizado para unha [licenza de formación](#) (Orde do 6 de setembro de 2013 pola que se resolve definitivamente a convocatoria de licenzas por formación para o curso 2013/14 destinadas a funcionarios docentes non universitarios.DOG Núm. 178, mércores 18 de setembro, Páx. 36839) que leva por título: [Secuencias didácticas para o terceiro ciclo da Educación Primaria inmersas nun proxecto de orientación no medio natural](#), concedida pola Consellería galega de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Traballo baixo unha licenza Creative Commons:

